PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 352 | VIII lexislatura | 11 de novembro de 2010

Fascículo 3

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.1 Leis e outras normas

1.1.1. Leis

—Lei de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia 111182

1. Procedementos de natureza normativa

1.1 Leis e outras normas

1.1.1. Leis

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do día 9 de novembro de 2010, aprobou, por 62 votos a favor, ningún en contra e 12 abstencións, a Lei de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Lei de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia

Preámbulo

A Lei 2/2004, do 21 de abril, creou o Servizo de Gardacostas de Galicia, configurado como un servizo público que, dentro das competencias atribuídas á Consellería do Mar, debe cumprir coas funcións de inspección e vixilancia pesqueira e coas de control do medio mariño, prevención e loita contra a contaminación mariña e salvamento marítimo, así como con aqueloutras que se lle poidan encomendar, atendendo, deste xeito, dunha forma eficaz as demandas do sector pesqueiro e marisqueiro nesta materia.

Deste xeito, a Lei 2/2004 creou tres escalas dentro do Servizo de Gardacostas: a escala técnica, a executiva e a de axentes, declarando a extinguir o anterior Servizo de Protección de Recursos e as escalas del dependentes, que viñan desenvolvendo as tradicionais funcións de inspección e vixilancia pesqueira.

Coa presente modificación preténdese a creación dunha nova escala, a escala operativa, coa finalidade de delimitar máis claramente as funcións que ten que desempeñar o distinto persoal integrante do Servizo de Gardacostas, máxime cando dentro destas funcións se atopan as relativas ao desempeño do mando das embarcacións pertencentes á Consellería do Mar, complemento indispensable para realizar as tarefas de inspección e vixilancia pesqueiras, así como as de salvamento marítimo, prevención e loita contra a contaminación mariña. Xunto a isto, con esta modificación adáptanse as titulacións profesionais que se precisan para exercer o mando en determinados buques adscritos ou pertencentes á consellaría á normativa establecida polo Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.

Por outra parte, mediante a presente modificación suprímense os límites de idade requiridos para o persoal de novo ingreso nas novas escalas do Servizo de Gardacostas que establecía a disposición adicional terceira da Lei 2/2004, ao considerarse que non deben constituír un obstáculo para o acceso ao Servizo, xa que as funcións que este ten encomendadas poden ser realizadas por persoas que superen tales límites, sen diminuír a eficacia ou calidade do servizo público que se debe desenvolver.

Artigo único. Modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia.

A Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia, modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto 3 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

"3. O Servizo de Gardacostas de Galicia contará coas seguintes escalas de funcionarios:

a) Escala técnica.
b) Escala executiva.
c) Escala operativa.
d) Escala de axentes."

Dous. Engádese un artigo 6 bis coa seguinte redacción:

"Artigo 6 bis. Escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 22 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, dentro do corpo de axudantes facultativos da Xunta de Galicia, subgrupo C1, créase a escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia, coas especialidades de patróns/oas e mecánicos/as.

2. Para o acceso a esta escala esixirase estar en posesión do título de bacharelato ou técnico superior e do título profesional de patrón de pesca de altura ou patrón maior de cabotaxe ou patrón de altura ou equivalente ou superior, para a especialidade de patróns/oas, e do título profesional de mecánico naval maior ou mecánico maior naval ou equivalente ou superior, para a especialidade de mecánicos/as, sen prexuízo dos demais requisitos que poida establecer a oportuna convocatoria.

3. O seu sistema de acceso será o de promoción interna desde a escala de axentes ou o de oposición libre."

Tres. A disposición adicional terceira queda sen contido.

Disposición transitoria única. Integración do persoal do Servizo de Gardacostas de Galicia.

Na escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia, subgrupo C1, poderá integrarse o persoal funcionario actualmente pertencente á escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia, do mesmo subgrupo, que á entrada en vigor da presente modificación lexislativa teña a titulación profesional esixida. A opción individual á dita integración deberá efectuarse mediante o procedemento e no prazo que regulamentariamente se determinen.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Ley de modificación de la Ley 2/2004, de 21 de abril, por la que se crea el Servicio de Guardacostas de Galicia

Preámbulo

La Ley 2/2004, de 21 de abril, creó el Servicio de Guardacostas de Galicia, configurado como un servicio público que, dentro de las competencias atribuidas a la Consejería del Mar, debe cumplir con las funciones de inspección y vigilancia pesquera y con las de control del medio marino, prevención y lucha contra la contaminación marina y salvamento marítimo, así como con aquellas otras que puedan encomendársele, atendiendo, de este modo, de una forma eficaz a las demandas del sector pesquero y marisquero en esta materia.

De este modo, la Ley 2/2004 creó tres escalas dentro del Servicio de Guardacostas: la escala técnica, la ejecutiva y la de agentes, declarando a extinguir el anterior Servicio de Protección de Recursos y las escalas dependientes del mismo, que venían desarrollando las tradicionales funciones de inspección y vigilancia pesquera.

Con la presente modificación se pretende la creación de una nueva escala, la escala operativa, con la finalidad de delimitar más claramente las funciones a desempeñar por el distinto personal integrante del Servicio de Guardacostas, máxime cuando dentro de estas funciones se encuentran las relativas al desempeño del mando de las embarcaciones pertenecientes a la Consejería del Mar, complemento indispensable para realizar las tareas de inspección y vigilancia pesqueras, así como las de salvamento marítimo, prevención y lucha contra la contaminación marina. Junto a ello, con esta modificación se adaptan las titulaciones profesionales que se precisan para ejercer el mando en determinados buques adscritos o pertenecientes a la consejería a la normativa establecida por el Real decreto 973/2009, de 12 de junio, por el que se regulan las titulaciones profesionales de la marina mercante.

Por otra parte, mediante la presente modificación se suprimen los límites de edad requeridos para el personal de nuevo ingreso en las nuevas escalas del Servicio de Guardacostas que establecía la disposición adicional tercera de la Ley 2/2004, al estimarse que no deben constituir un obstáculo para el acceso al Servicio, ya que las funciones que el mismo tiene encomendadas pueden ser realizadas por personas que sobrepasen tales límites, sin disminuir la eficacia o calidad del servicio público a desarrollar.

Artículo único. Modificación de la Ley 2/2004, de 21 de abril, por la que se crea el Servicio de Guardacostas de Galicia.

La Ley 2/2004, de 21 de abril, por la que se crea el Servicio de Guardacostas de Galicia, se modifica en los siguientes términos:

Uno. El apartado 3 del artículo 1 queda redactado del siguiente modo:

"3. El Servicio de Guardacostas de Galicia contará con las siguientes escalas de funcionarios:

a) Escala técnica.
b) Escala ejecutiva.
c) Escala operativa.
d) Escala de agentes."

Dos. Se añade un artículo 6 bis con la siguiente redacción:

"Artículo 6 bis. Escala operativa del Servicio de Guardacostas de Galicia.

1. Al amparo de lo dispuesto en el artículo 22 del Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de la función pública de Galicia, dentro del cuerpo de ayudantes facultativos de la Xunta de Galicia, subgrupo C1, se crea la escala operativa del Servicio de Guardacostas de Galicia, con las especialidades de patrones/as y mecánicos/as.

2. Para el acceso a esta escala se exigirá estar en posesión del título de bachillerato o técnico superior y del título profesional de patrón de pesca de altura o patrón mayor de cabotaje o patrón de altura o equivalente o superior, para la especialidad de patrones/as, y del título profesional de mecánico naval mayor o mecánico mayor naval o equivalente o superior, para la especialidad de mecánicos/as, sin perjuicio de los demás requisitos que pueda establecer la oportuna convocatoria.

3. Su sistema de acceso será el de promoción interna desde la escala de agentes o el de oposición libre."

Tres. La disposición adicional tercera queda sin contenido.

Disposición transitoria única. Integración del personal del Servicio de Guardacostas de Galicia.

En la escala operativa del Servicio de Guardacostas de Galicia, subgrupo C1, podrá integrarse el personal funcionario actualmente perteneciente a la escala de agentes del Servicio de Guardacostas de Galicia, del mismo subgrupo, que a la entrada en vigor de la presente modificación legislativa tenga la titulación profesional exigida. La opción individual a dicha integración habrá de efectuarse mediante el procedimiento y en el plazo que reglamentariamente se determinen.

Disposición final única. Entrada en vigor.

La presente ley entrará en vigor al día siguiente de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de noviembre de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
   1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
   1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
   2.1 INVESTIDURA
   2.2 MOCIÓN DE CENSURA
   2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
   3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
   3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
   3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
   3.5 MOCIÓNS
   3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
   3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
   3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
   4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
   4.2 INTERPELACIÓNS
   4.3 PREGUNTAS
   4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
   4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
   5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
   5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
   5.3 VALEDOR DO POBO
   5.4 CONSELLO DE CONTAS
   5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
   6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
   6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
   6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
   6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
   6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
   6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
   6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
   6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
   6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
   6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
   6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
   7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
   7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
   7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
   8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
   8.2 PERSOAL
   8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
   9.1 INFORMACIÓNS
   9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727